

Concello de Viveiro

EXPEDIENTE.- 990/2024

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta, do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía, de data 06 de marzo de 2024, relativo a Convocatoria para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL), ao amparo da Resolución do 19/04/2024 pola que se lle conceden ao Concello de Viveiro unha praza de oficial forestal, con número de expediente: 990/2024.

Vistas as bases xerais, específicas e anexo polas que se establecen as normas que rexerán o proceso selectivo para cubrir, con carácter temporal, mediante a modalidade de contrato temporal de políticas activas de emprego, como empregado público ao amparo da Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), para a contratación de un traballador non incluído no cadro de persoal do Concello para o ano 2024.

Visto o resultado da selección da Oferta de Emprego con n.º 12-2024-3948 do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

Vista a base xeral 7, que sinala “(...)Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará Resolución declarando a lista provisional de admitidos e excluídos. Esta Resolución ditarase no prazo máximo de 5 días. A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital. Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están admitidos ou excluídos e si están exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega, así como no seu caso, os defectos a subsanar. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión...”

Vista a base específica punto 3 relativo aos requisitos que deben cumprir os aspirantes para ser admitidos ao proceso selectivo, na que sinala “(...)Coñecemento da idioma galego: **CELGA 3....**”

Vista a base xeral 9, que sinala “(...) Con anterioridade á realización da fase de concurso procederase ao desenvolvemento das probas de coñecemento de lingua galega aos aspirantes que deban realizala segundo o establecido nas presentes bases. A proba de galego consistirá na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán. Os aspirantes disporán dun máximo de quince minutos para realizar esta proba. Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e calificarase como apto ou non apto. Quedarán excluídas do proceso selectivo os aspirantes que obteñan a calificación de non apto...”

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte lista con carácter de **definitiva de admitidos e excluídos de un oficial forestal**, tendo en conta que unicamente figura un aspirante como excluído non sendo obxecto de posible subsanación o motivo de exclusión:

A) ADMITIDOS:

Nº	Apelidos e Nome	Proba de
----	-----------------	----------

Concello de Viveiro

Praza Maior, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

		galego
1	SÁNCHEZ PÉREZ SALVADOR	EXENTO

B) EXCLUÍDOS

Nº	Apelidos e Nome	Motivo de Exclusión
1	MONTOYA MANZANO PASCUAL	Non cumprir co requisito do punto 3 apartado d) das bases xerais, <u>non sendo obxeto de posible subsanación.</u> O Candidato foi remitido pola oficina de emprego, constatándose por parte do concello que non se cumpre co requisito referido. Tendo en conta que as presentes Bases se establecen ao abeiro da subvención outorgada a este Concello ao amparo ORDE do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G), na que se esixe que a oferta de emprego se realice a través da oficina pública de emprego, a constatación do cumprimento dos requisitos das bases xerais do punto 3 apartado c) e d) que será realizada pola oficina pública de emprego. (Non cumprir co punto 3 d) das Bases Xerais).

Contra o acordo de aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos cabe a interposición de recurso potestativo de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios, ou ben recurso contencioso administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

